



## Teaching Guide

Identifying Data					2019/20
Subject (*)	Literature and Gender (Hispanic Studies)	Code	613584111		
Study programme	Mestrado Universitario en Literatura, Cultura e Diversidade (plan 2016)				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Official Master's Degree	2nd four-month period	First	Optional	3	
Language	Spanish				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Letras				
Coordinador	Tato García, Cleofe	E-mail	cleofe.tato@udc.es		
Lecturers	Tato García, Cleofe	E-mail	cleofe.tato@udc.es		
Web					
General description	Estudo avanzado de textos literarios priorizando o xénero como categoría de análise. Achegamento a distintas producións literarias significativas desde esta perspectiva.				

## Study programme competences

Code	Study programme competences
A2	Ampliar o concepto de literatura, a través da súa relación coas TICS, os medios de comunicación, o cine, as artes, no marco da diversidade cultural
A3	Ser capaz de realizar aportacións creativas e orixinais no estudo comparatista dos textos literarios, dos productos artísticos e das realidades culturais
A7	Coñecer as principais correntes teóricas que integraron e integran a reflexión sobre a literatura e a cultura, así como os seus antecedentes
A8	Comprender os procesos históricos dos estudos literarios e culturais e os seus cambios de paradigma
A9	Aplicar as técnicas de análise cultural respetando os fundamentos ideolóxicos presentes en contextos diversos
A10	Analizar e interpretar textos, aplicando diferentes modelos teóricos e xenéricos
A12	Ser capaz de desenvolver un enfoque orixinal e creativo na investigación avanzada no ámbito dos estudos literarios e culturais
A14	Adquirir a capacidade de xestionar ferramentas e recursos de investigación aplicados no ámbito dos estudos literarios e culturais
B3	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
B4	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións(TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da vida
B5	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común
B6	Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñibles para resolver problemas cos que deben afrontarse
B7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe
B8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
B10	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C1	Adquirir capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva
C2	Traballar de maneira interdisciplinar en entornos diversos
C3	Demostrar un compromiso ético coas desigualdades
C4	Promover o entendemento intercultural desde a comprensión da diversidade
C5	Integrar coñecementos de campos de estudos diversos
C6	Aplicar coñecementos e habilidades na resolución de problemas en entornos novos o non familiares en contextos interdisciplinares
C7	Desenvolver habilidades cognitivas avanzadas (capacidade de síntese, análise e pensamento crítico) relacionadas co desenvolvemento e a creación dun perfil investigador
C8	Adquirir a capacidade de concebir e deseñar proxectos de investigación con rigor académico



Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Coñecer a categoría de xénero e a súa relevancia no estudo das creacións culturais, artísticas e literarias, tendo en conta o contexto histórico no que se producen e os cambios que a adoción desa perspectiva conlevou.	AC2 AC7 AC8	BC3 BJ1 BJ3 BJ4 BJ7	CC2 CC3 CC4 CC5 CC6
Ser capaz de aplicar a perspectiva de xénero a algunhas producións significativas da literatura española atendendo aos distintos aspectos implicados	AC3 AJ1 AR1 AR3	BJ1 BJ2 BJ7	CC1 CC5 CC6 CR1
Ser quen de producir textos escritos, debidamente elaborados e ordenados, nos que se apliquen os coñecementos adquiridos, se ofrezca unha síntese, se contraponían puntos de vista ou teorías..., sempre cunha visión crítica e reflexiva	AC3 AC8 AC9 AJ1 AR1 AR3	BC3 BJ2 BJ3 BJ4 BJ5 BJ7	CC1 CC5 CC6 CR1 CR2

Contents	
Topic	Sub-topic
Introdución	A perspectiva de xénero nos estudos culturais. A súa aplicación á análise literaria.
A muller na Idade Media	A invisibilidade da muller na época. A marxinação das mulleres na sociedade medieval. As mulleres e o seu estatus: reinas, nobles, monxas, mulleres traballadoras, mulleres marxinais... A muller e a cultura.
Muller e literatura na Idade Media	Textos a favor e en contra das mulleres. Mulleres e voces de muller na literatura medieval. Mulleres lectoras. Mulleres escritoras: revisando o canon.
Cancioneiro	Lectoras e consumidoras de poesía. A imaxe da muller nos textos poéticos. A muller como destinataria dos poemas. Os primeiros cancioneros e as primeiras poetas: mulleres silenciadas e mulleres con voz. Maior Arias, coetánea de Leonor López, e outras escritoras.
Prosa	Distintos xéneros na prosa medieval. Achegamento a algunhas mulleres prosistas. Estudo das "Memorias de Leonor López de Córdoba".

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student's personal work hours	Total hours
Introductory activities	B10	0.5	0	0.5
Guest lecture / keynote speech	A8 A7 B6 B7 B10 B3 C5	7	6	13
Workshop	A2 A3 A10 A9 C2 C7 C6 C8	6.5	5	11.5
Events academic / information	B5 B7 B10 C5 C7	0	4	4
Supervised projects	A3 A14 A7 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B3 C1 C3 C4 C7 C5 C6 C8	0	27	27
Workbook	A10 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B3 C1 C7 C5 C6	0	10	10



Mixed objective/subjective test	A3 A14 A7 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C7 C5 C6 C8	1	7	8
Personalized attention		1	0	1
(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.				

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Proba inicial sobre os coñecementos previos relacionados coa materia, así como intereses, motivación... Preténdese obter información para artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe significativa.
Guest lecture / keynote speech	Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente na profesora, que tratará de familiarizar ao estudante cos contidos abordando de maneira sintética os aspectos e problemas que descoñece; a tal efecto, procurará ofrecer panorámicas xerais de carácter introductorio, que se completarán con bibliografía. Para que o alumnado se implique nestas sesións, buscarase a súa intervención (preguntas-respostas, interpelacións...).
Workshop	Combinación de diversas metodoloxías e probas (prácticas guiadas, exposicións, análise de fontes documentais, discusións dirixidas, exercicios de comentario, de completar, etc.) a través das que o alumnado desenvolve tarefas aplicando os coñecementos adquiridos sobre distintos aspectos do programa, sempre co apoio e supervisión da profesora. Nalgún caso, pode solicitarse que cumplimente algún exercicio ou tarefa na casa para traballalo posteriormente na aula. Unha ou máis desas tarefas poderá(n) ser recollida(s) pola profesora para a avaliación.
Events academic / information	De ser posible, asistirán a algunha conferencia que desenvolva algún aspecto do programa, no marco das actividades dalgún proxecto ou grupo de investigación que se celebren durante o curso 2019-2020.
Supervised projects	Cada estudante deberá preparar un breve traballo sobre algún aspecto do programa que a profesora lle asignará seguindo as pautas que se establezan para a súa presentación no seu momento. Na primeira fase, o alumno preparará un breve guión que debe discutir coa profesora, ao que debe aterse para a súa realización.
Workbook	Ademais dalgúns textos literarios de lectura obrigatoria, a profesora proporcionará artigos e estudos que axuden a asimilar ou completar a información das sesións maxistras; poderá tamén marcarse algunha lectura máis, que o estudante levará a cabo fóra da aula, para participar nas actividades do obradoiro (resumo, esquema, debate, breve presentación dalgún texto ou tema...).
Mixed objective/subjective test	Ao final do curso, na data fixada pola Facultade, o alumno realizará unha proba dedicada a verificar a adquisición das competencias da materia, para o cal se lle plantexarán preguntas e exercicios de diverso tipo. Requerirase, ademais, que acade un nivel de expresión acorde co dun posgraio universitario.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Supervised projects Workshop Mixed objective/subjective test Workbook	O alumno poderá, sempre que sexa preciso, requirir a atención personalizada da profesora, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta, como nas sesións dedicadas ao obradoiro ou nas lecturas, mais nunca pode suplir as explicacións que non ten seguido por se ausentar da aula inxustificadamente acudindo ás titorías. No que atinxe á realización do traballo, deberá pasar polo gabinete da profesora na primeira fase para presentar o guión, mais despois é recomendable que consulte as dúbidas ou problemas que se lle plantexen no proceso de elaboración.

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification



Supervised projects	A3 A14 A7 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 B3 C1 C3 C4 C7 C5 C6 C8	Os alumnos prepararán un traballo sobre algún aspecto relacionado coa materia que a profesora determine. Valorarase a aportación que o estudante faga, a organización das ideas, a orixinalidade, a fundamentación científica... Tamén serán tidas en conta as cuestións formais (presentación, expresión, sistema de citas, referencias bibliográficas...).	40
Workshop	A2 A3 A10 A9 C2 C7 C6 C8	Valorarase a participación nas aulas, así como os exercicios e actividades que o alumno leve a cabo nas distintas sesións, atendendo á súa capacidade crítica e ás súas achegas.	10
Mixed objective/subjective test	A3 A14 A7 A10 A8 A9 A12 B4 B5 B6 B7 B8 B10 C1 C3 C4 C7 C5 C6 C8	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase unha proba mixta na que, a través de preguntas e exercicios varios, o alumno demostrará ter acadados os coñecementos e competencias previstas. Será moi importante tamén que neste exercicio ofrezca unha expresión acorde ao nivel dunha titulación de posgrao.	30
Events academic / information	B5 B7 B10 C5 C7	Os estudantes asistirán a algún evento ou conferencia das que se celebren no marco dalgún proxecto ou grupo de investigación e farán unha recensión completa da mesma; valorarase a comprensión da exposición e que saiban dar conta dela de modo completo e organizado. No caso de que non se poda contar con esta oportunidade, buscarase algunha outra actividade.	20

#### Assessment comments

A profesora aceptará unicamente actividades e exercicios realizados e entregados na data que se estableza, en soporte de papel e seguindo as normas que se precisen en cada caso. Non se poderá aprobar a materia sen ter participado en todas as actividades contempladas na avaliación; ademais, para chegar ao aprobado, é preciso acadar unha calificación mínima de 4 sobre 10 no traballo tutelado e na proba mixta. Se o estudante non fai a proba mixta ou non entrega o traballo contará cun "Non Presentado".

Na segunda oportunidade (xullo), aplicarase o mesmo sistema de avaliación; no exame, que se celebrará na data oficial fixada pola Facultade, complementariamente o alumno dará conta, nese mesmo momento, das demais actividades e exercicios que tiver pendentes.

Dase por suposta a asistencia ás aulas, que é obrigatoria; se algún alumno xustifica debidamente a imposibilidade de acudir ao evento divulgativo ou científico previsto, a profesora deseñará algunha outra proba ou traballo coa que se poda subsanar esa parte da avaliación.

Aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida será avaliado mediante a proba mista (50%) e o traballo tutelado (50%); debe poñerse en contacto coa profesora ao inicio do curso para establecer con precisión o mecanismo de seguimento da súa actividade (especialmente para a fixación das datas da realización das probas). A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo ha ser a que corresponde a unha titulación de posgrao (non só se tomará en conta, xa que logo, a corrección ortográfica e gramatical). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fóra da aula non garden relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza na aula baixo o control da profesora, para avaliar a expresión tomaranse como referencia os escritos que aquel ten elaborado sen axuda externa.

#### Sources of information

**Basic**

- PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (ed.) (1989). Poesía femenina en los cancioneros. Madrid: Castalia
- VOZZO MENDIA, Lia (ed.) (1992). Leonor López de Córdoba, &quot;Memorie&quot;. Parma, Pratiche

Ademais dos textos sinalados, a profesora proporcionará unha selección doutros que facilitará aos estudantes.



<b>Complementary</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- DEYERMOND, Alan (1995). ?Las autoras medievales castellanas a la luz de las últimas investigaciones?.</li><li>- LÓPEZ ESTRADA, Francisco (1984). ?Las mujeres escritoras en la Edad Media castellana?.</li><li>- WHETNALL, Jane (1984). ?Lírica femenina in the Early Manuscript Cancioneros?.</li><li>- LORENZO GRADÍN, Pilar (1997). ?Voces de mujer y mujeres con voz en las tradiciones hispánicas medievales?.</li><li>- MARIMÓN-LLORCA, Carmen (1990). Prosistas españolas medievales. Alicante, Caja de Ahorros Provincial</li></ul> <p>Apúntanse algúns títulos, mais engadiráse outra bibliografía no curso das sesións. Como repertorio bibliográfico, pode empregarse Rafael M. Mérida Jiménez, Mujer y cultura literaria en las letras ibéricas medievales y del renacimiento temprano, Kassel, Reichenberger, 2011.</p>
----------------------	--

## Recommendations

### Subjects that it is recommended to have taken before

### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

### Subjects that continue the syllabus

## Other comments

Dispor dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario dunha titulación de posgrao é requisito; de calquera xeito recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficos, sintácticos ou doutro tipo) que los subsanen.

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.